SÁBADO ÁS 19.000 H. : PARTIDO ENTRE OS VETERANOS DO DEPORTIVO E OS DO R. FERROL EN PRADOS VELLOS

Exposición de fotografías, partidos de fútbol-8 entre as peñas e o partidazo entre os veteranos do Deportivo e os do R. de Ferrol forman, entre outros actos, o programa destas xornadas organizadas pola peña deportivista de Ares. Venres, 19 de xullo de 2013 Dende este venres ata o domingo, as cores branquiazuis do deportivismo colorearán as rúas e o parque da vila aresán, que vivirá unhas xornadas con actos de diversa índole, todos relacionados co club herculino. A programación completa destas xornadas é a seguinte:

Venres, 19

20:00h. Inauguración da exposición de fotografías do R.C. Deportivo da Coruña. (Alianza Aresá). Poderá visitarse o sábado e o domingo en horario de 11.00 a 13.00 h.

20:30h. Saída desde as Alianzas da caravana anunciadora da Asemblea que fará un percorrido polas rúas de Ares.

21:30h. Remate no Hotel Villa de Ares (sé da Peña Aresá). Degustación de Pincho e Copa de Viño. **Sábado, 20**

10:30h. Futbol-8. Participación de distintas Peñas do Depor. (Campo de fútbol de Prados Vellos). 14:00h. Actuación da Banda de Gaitas. 15:00h. Comida de confraternidade. 17:30 h. Entrega de Recordos.

19:00h. Fútbol Veteranos: Deportivo – Selección Ferrolterra. (Campo de fútbol de Prados Vellos) A selección de Ferrol estará formada por xogadores dos tres equipos de veteranos que participan na División de Honor. Así, podemos citar entre outros aos seguintes convocados: Do Galicia de Mugardos: Pubul, Brage, Jorge, Pedrito, Pirri, Arturo, Marcos, César, Óscar, Diego Santalla, Josiño e Manel. Do R. Ferrol: Miguel Cobas, Fran Cardete, Alfonso, Alberto e Rafa.

Do Lago: Palacios e Juancar.

21:00h. Actuación Banda de Gaitas. 21:30h. Degustación: Mexilonada e Empanada. 22:30 h. Actuación da Rondalla Trovadores.

23:30h. Actuación Musical DJS.

Domingo, 21

11:00h. Recepción e sinatura no Concello de ARES, de todas as Peñas.

12:00h. Benvida da Banda de Gaitas aos Asembleístas na Alianza Aresá e acreditación de Peñas.

12:30h. Asemblea da Federación de Peñas, na Alianza Aresá.

14:00h. Actuación da Banda de Gaitas.

15:00h. Comida de confraternidade.

19:00h. Entrega de Recordos e Clausura dos Actos.